

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ENTREGARASE O 18 DE MAIO

## **Beramendi, Pedrón de Ouro**

Ademais do recoñecemento que recibirá o catedrático, Xosé Lois García recibirá o Pedrón de Honra polo seu labor divulgador de Galiza no exterior.

Redacción - 17:12 04/04/2008

O patronato da Fundación do Pedrón de Ouro salientou a traxectoria de [Xusto Beramendi](#) como docente e investigador da historia do nacionalismo galego e promotor de numerosas iniciativas, entre as que destaca a posta en marcha do Museo do Pobo Galego. Entre outras moitas obras, Beramendi vén de publicar De provincia a nación. Historia do galeguismo político (Xerais, 2007). O acto de entrega do galardón terá lugar o vindeiro 18 de maio nun acto que se celebrará na Casa Museo de Rosalía, en Padrón, ás 12.30 horas.

Ademais, o escritor Xosé Lois García recibirá o Pedrón de Honra 2008. Este premio reconece a personalidade ou entidade, galega o non, e residente fóra do país que destacara polas súas achegas á difusión de Galiza e a cultura galega no exterior. En concreto, García realiza un importante labor como divulgador da cultura galega e portuguesa en Cataluña a través de colaboracións xornalísticas, así como pola creación dos parques Rosalía e Castelaio no municipio de [Sant Andreu de la Barca](#) (Barcelona).